

Castelos no aire

Chámalle X non quereda posicionarse baixo o amparo de modas superficiais. Neste sentido, gustaríanos manifesta-lo noso receo ante determinadas propostas que, sacando partido de poéticas dependentes, saben cómo utiliza-lo que a crítica especializada denominou a *plural permisividade posmoderna*. Consecuentemente, non deberíamos asocia-las xornadas que agora presentamos con cuestionables xestións empeñadas en catalogar, clasificar ou acoutar dun modo epidérmico, a complexa produción artística. Lamentablemente, a reiterada presenza deste tipo de prácticas dirixidas a unha selecta minoría acrecenta a xa insalvable distancia entre produtor e receptor, convertendo a maioría dos espazos expositivos e o seu contido en fráxiles ecos distantes, vagas resonancias que nunca acaban de chegar a ningunha parte. Reflexionando sobre este *modo de facer*, gustaríanos sinalar que non estamos interesados en acoutar baixo clasificacións estandarizadas a produción sostida desde a arte de acción, atendendo precisamente ó seu carácter diverso. Isto podería explica-la nosa prudente distancia con respecto a certas categorías “actuais”, como *arte-emerxente*, *arte-gay*, *arte-periférica* ou *arte-e-novas-tecnoloxías*. Sentímolo, tampouco somos *posthumanos*, nin utilizamos próteses complexas conectadas a un ordenador, nin consideramos necesario poñerlles ás obras títulos en inglés para parecer máis modernos. Quizais estamos un pouco aburridos –non rabiosos, nin resentidos nin envexosos, soamente aburridos– da dinámica cultural mantida desde determinadas institucións que mimeticamente operan no ámbito internacional. Témo-la firme convicción de que algunhas destas plataformas actúan como un gran e inútil colector, convertendo o que debería ser fricción comunicativa nunha monótona produción industrial. E é que, finalmente, Saturno sempre consegue merendar ós mozos, ós homosexuais, ós economicamente dependentes e ós alternativos da rede, convertendo movementos que nun principio parecen “frescos” en succulentos pratos destinados a calma-la atroz bulimia do agresivo mecanismo da arte. Non obstante, queremos deixar constancia do noso profundo respecto por aquelas experiencias curatoriais que, sen oportunismo, con rigor e sensibilidade, nos descubren parcelas que un oligárquico aparato cultural se empeña en manter eclipsadas.

Despois desta xeral matización, correspóndenos recoñece-lo noso propio carácter parcial, sendo conscientes de que a selección levada a cabo non foi inocente nin, moito menos, neutra. Tampouco nós escaparemos ó círculo vicioso das categorías e damos por suposto que alguén nos poida reprocha-lo uso dunha liña demasiado orientada cara ó, se se me permite o anglicismo, *low-tech*. Asumindo esta premisa, centrarémolo noso interese en ofrecer por segundo ano consecutivo un digno mosaico de heteroxéneas intencións que modelan as súas poéticas utilizando a arte de acción como soporte fundamental da súa expresión. Cremos oportuno, ademais, concederlles unha maior visibilidade a outros discursos que, utilizando o simple corpo –¿simple?– poidan propiciar estímulos que xeren espazos para a reflexión ou que nos rescaten –aínda que só sexa por un segundo– do baleiro cotián. Non obstante, que ninguén se confunda: non buscamos nin o impacto nin a novidade; entre outras cousas, porque hoxe en día case todo está xa inventado. Definitivamente, querida Bárbara, o noso corpo –ó menos na produción cultural– hai xa moito tempo que deixou de ser un *campo de batalla*.

Your body is a battleground (O teu corpo é un campo de batalla). 1989. Bárbara Kruger.

Con todo, se finalmente conseguimos superar este terrible escepticismo que nos invade ó enfrontarnos a determinadas orientacións da práctica artística contemporánea, gustaríanos pensar que estamos actuando baixo o signo dunha actitude realmente transformadora. Aínda que –e para alimenta-la nosa depresión– encontramos nas palabras que agora pronunciamos claros síntomas de esgotamento, indicios que anuncian a nosa escasa orixinalidade. E é que o eterno *destruír-para-construír*, tan característico do devir da propia práctica artística, soa como un *mantra* balbucido de modo incansable pola propia historia, unha condena que –paradoxalmente– nos libera momentaneamente. A pesar de todo, consola podermos imaxinar unha produción cultural onde participan de modo dinámico necesarias

continxencias de valor, permeables elaboracións discursivas que poidan propoñer novos contidos afastados daqueles que nos presenta unha esclerótica representación artística. Para iso, poderíamos empezar por escribir unha longa lista de desexos. En primeiro lugar –e sírvanos soamente a modo de exemplo– pediríamos unha profunda e radical metamorfose da figura do “creador”; un tránsito desde o aurático *enfant terrible*, ata o traballador activo que, nos antípodas do mercado, nos propuxese unha verdadeira interacción da arte coa vida. Entón... ¿como sobrevivir? Pregunta clave que abre un extenso e enmarañado tema de reflexión ó que hoxe –no contexto desta presentación– non podemos dedicarlle a atención que merece.

De acordo con estes necesarios, intrincados e utópicos obxectivos, témo-la sorte de poder contar este ano coa presenza dun interesante grupo de artistas que conforman a súa poética desde disímiles puntos de partida. É así como chegamos á vindicación do cotián como vehículo expresivo [Esther Ferrer, Nieves Correa e Carlos Pina], a expresión de determinados problemas identitarios derivados de complexos contextos políticos, sociais e culturais [Nezaket Eziki], a crítica ácida mediante unha áxil utilización do que o propio Nelo Vilar denominou *peripatetismo absurdo* [Nelo Vilar], unha cíclica e dolorosa entrega que simultaneamente nos cura e nos castiga [María Marticorena], o corpo como arquitectura das ideas [Rubén Barroso] e a incansable busca da perfección [Félix Fernández]. Ademais das actuacións en directo, contaremos tamén cunha proxección de vídeo titulada *La Acción (A acción)*, producida no ano 1994 por Ana Roca e publicada polo Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía. Do mesmo xeito, o programa que este ano propoñemos incorpora, ademais, a proxección da película titulada *Noviembre (Novembro)*, realizada no ano 2003 polo excelente director e actor español Acheró Mañas.

Por outra parte, consideramos oportuno incluír nas presentes xornadas un espazo para a información, debate e teorización sobre a arte de acción. Este apartado articularase en catro conferencias a cargo de Carlos Pina, Rubén Barroso, Nieves Correa e Nelo Vilar. Carlos e Rubén vannos explica-la evolución de dous festivais de arte de acción xa consolidados que se desenvolven en Barcelona [“eBent”, organizado por Carlos Pina] e en Sevilla [“Contenedores”, organizado por Rubén Barroso]. Nieves proponnos unha conferencia-taller na que nos presentará parte da súa traxectoria, reflexionando sobre tres elementos cardinais: o tempo, o espazo e a presenza. Completando este ciclo de conferencias, Nelo introduciranos á arte de acción como *acto de resistencia* no territorio español durante os últimos quince anos.

Xa para acabar, e se alguén sente curiosidade en canto ó nome elixido para as presentes xornadas, gustaríanos que se interpretase como unha alegoría da confusión e infinita distancia que percibimos no espectador medio cando, de maneira inocente, acode a un museo, unha galería ou –por qué non– a un acontecemento como o que agora presentamos. Non obstante, non é a nosa intención desconcertar, nin nos gustaría levantar outra barreira entre o público e a produción artística. Ó contrario, propoñemos que vos acheguedes ás diferentes propostas que chegan ata a facultade de Belas Artes de Pontevedra confiando en que a arte de acción constitúa un estímulo creativo para alumnos, profesores e público en xeral.

Non me gustaría acabar sen expresa-lo meu agradecemento a todas aquelas persoas –nas que inclúo ós artistas, á vicerreitoría de Extensión Universitaria e á facultade de Belas Artes de Pontevedra– que fan posible un ano máis esta reconfortante experiencia. Aquí vos deixo, entón, coa complexa presenza do corpóreo, cunha cadea de discursividades que espero que nos fagan esquecer momentaneamente todo o insípido que a vida poida ter.

Carlos Tejo